



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO E A FUNDACIÓN JUANA DE VEGA PARA A ELABORACIÓN DUNHA GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS PARA A IDENTIFICACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE MIRADOIROS

(1) O Instituto de Estudos do Territorio (IET), organismo autónomo da Xunta de Galicia, adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, creado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, en virtude do mandato recollido na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e cuxos estatutos foron aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, e recentemente modificados polo Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia, exerce, entre outras, as seguintes funcións:

A realización de investigacións metodolóxicas, bases de datos e indicadores para o seguimento do desenvolvemento territorial de Galicia, co obxectivo de alcanzar a xestión dinámica das súas paisaxes; A realización de análise e diagnósticos e a formulación de propostas e alternativas para a ordenación e xestión do territorio desde unha perspectiva global de fronte ao desenvolvemento sustentable e a cohesión territorial de Galicia; O impulso da cooperación con todas as administracións públicas con competencia no territorio, especialmente coas administracións locais, a fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos fins de protección, xestión e ordenación anteriormente sinalados; Así como a posta en marcha de instrumentos para a protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia.

Neste convenio de colaboración queda patente a vontade de colaborar no desenvolvemento de actuacións que teñen por finalidade a consecución dun fin de interese xeral, como é o da protección, a xestión e a ordenación da paisaxe, en consonancia co artigo 1 da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

A paisaxe é obxecto dunha crecente atención social nas sociedades avanzadas nas que Galicia se vai integrando. En consonancia con esta realidade, a Fundación Juana de Vega realiza desde hai algúns anos, directamente ou en colaboración con outras entidades, diversas actividades neste eido.

A importancia das actividades de formación e investigación relacionadas coa paisaxe, recomendaron que a Fundación agrupase a súa acción específica con obxecto de potenciar e mellorar a súa eficacia.





Para elo, creouse a Escola Galega da Paisaxe, un órgano interno da Fundación, dotado dun marco estable e formal, con orzamento e medios propios, que lle permiten acadar os seus obxectivos.

A Escola Galega da Paisaxe, constitúese polo tanto como un órgano da Fundación Juana de Vega, que carece de personalidade xurídica propia ao estar integrada na Fundación, encargada da organización, desenvolvemento e xestión das actividades relacionadas coa paisaxe.

A Escola Galega da Paisaxe ten por obxecto promover o estudo, a investigación, a formación, a difusión e o intercambio de coñecemento, e a sensibilización e concienciación da sociedade en materia da paisaxe e en temas con ela relacionados. Na procura dos seus obxectivos, a Escola fomentará a colaboración coas administracións públicas, as universidades, os centros de ensino, as empresas, os medios de comunicación, os colectivos profesionais e a sociedade en xeral.

A Escola Galega da Paisaxe, realiza, entre outras, as seguintes actividades:

- Organizar cursos, congresos, conferencias, seminarios, xornadas, coloquios, foros de debate, etc, sobre diversos temas relacionados coa paisaxe. Especificamente, a Escola Galega da Paisaxe asumiu todas as actividades da Fundación neste ámbito, entre elas, o Máster de Arquitectura da Paisaxe, creado no ano 2006 a través dun convenio coa Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de A Coruña.
- Organizar exposicións, editar libros, catálogos ou calquera outro tipo de publicación divulgativa.
- Outorgar premios de investigación ou que teñan por obxecto destacar e poñer en valor actuacións na paisaxe realizadas en Galicia, nos que se valorará especialmente o seu favorable impacto social.
- Asesorar, orientar ou facer suxestións a institucións públicas ou privadas, na planificación, xestión e conservación da paisaxe.

A Escola Galega da Paisaxe conta cun Comité de expertos formado por un mínimo de 7 membros e un máximo de 15, que son nomeados por un período de cinco anos. Isto fai que grazas a este convenio pódase contar cos expertos e especialistas en materia de paisaxe.

A Escola Galega da Paisaxe conta tamén cun Grupo de Investigación formado por expertos en Arquitectura da Paisaxe e Paisaxismo.





A Escola Galega da Paisaxe poderá contar coa colaboración doutros técnicos cos coñecementos necesarios para completar o equipo técnico.

En consecuencia, estamos ante un órgano multidisciplinar e holístico que non existe en ningunha universidade, sendo a única escola que trata o paisaxismo e a arquitectura da paisaxe (xardíns, plazas, viario público); na que se imparte un máster na materia e que conta ademais cun comité de expertos e cun grupo de investigación, todos estes, extremos que xustifican a necesidade de conveniar coa fundación Juana de Vega.

(2) Antecedentes. O artigo 1 da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia establece que a paisaxe ten unha dimensión global de interese xeral para a comunidade galega, por canto transcende aos campos ambientais, culturais, sociais e económicos.

O Convenio Europeo da Paisaxe asinado en Florencia o 20 de outubro de 2000, cuxo Instrumento de ratificación foi publicado no BOE núm. 31 do 5 de Febreiro de 2008 recalca que a paisaxe desempeña un papel importante de interese xeral nos campos cultural, ecolóxico, ambiental e social, e contribúe á formación das culturas locais e que é un compoñente fundamental do patrimonio natural e cultural europeo, que contribúe ao benestar dos seres humanos e á consolidación da identidade europea. Asemade recoñece que a paisaxe é un elemento importante da calidade de vida das poboacións en todas as partes: nos medios urbanos e rurais, nas zonas degradadas e de gran calidade, nos espazos de recoñecida beleza excepcional e nos máis cotiáns; e se amosan convencidos de que a paisaxe é un elemento clave do benestar individual e social e de que a súa protección, xestión e ordenación implican dereitos e responsabilidades para todos.

O Instituto de Estudos do Territorio (IET) asumiu as funcións do Observatorio galego da paisaxe no desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. Esta norma, no seu artigo 5 establece que os poderes públicos de Galicia velarán para que, no ámbito das súas competencias, se adopten as medidas específicas necesarias para a protección, xestión e ordenación da paisaxe e establece os instrumentos para conseguilo. Neste eido a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, dende o ano 2011, está a desenvolver unha Estratexia da Paisaxe de Galicia (EPG), cara a posta en valor, protección e recuperación, no seu caso, da paisaxe galega.





(3) Finalidade. Para os efectos sinaladas, tense previsto formalizar coa Fundación Juana de Vega o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

(4) O convenio ten por obxecto a colaboración de ambas institucións na elaboración dunha guía de boas prácticas para a identificación e acondicionamento de miradoiros, na que queden reflectidos uns criterios básicos de aplicación na creación de novos miradoiros así como boas prácticas e criterios para a integración paisaxística dos miradoiros ben sexan novos ou para actuacións de mellora dos existentes .

Establecerase unha Comisión de Seguimento do presente Convenio de Colaboración integrada por un representante de cada parte.

As actuacións contempladas no presente convenio precisan de financiamento específico, tal e coma consta na memoria económica.

O custo total das actividades previstas no convenio ascende a un total de 46.000 dentro dos que se atopan os 16.000,00 € nos que se valoran os traballos a realizar polas partes convenientes, de conformidade co previsto no anexo II do Convenio, así como 30.000,00 €, IVE incluído, que serán sufragados coas seguintes achegas:

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a través do Instituto de Estudos do Territorio co fin de facilitar a execución conxunta das accións aportará durante o prazo de vixencia do convenio a cantidade total de 20.000 €, IVE incluído (vinte mil euros IVE incluído), coma achega pola realización das accións e gastos en que incorra a aboar á Fundación Juana de Vega, con cargo á aplicación orzamentaria 07 81 541E 640 1 (código de proxecto 2014 00003).

No ano 2020.....10.000 €, IVE incluído

No ano 2021.....15.000 €, IVE incluído

Estas cantidades faranse efectivas, logo da presentación da correspondente documentación xustificativa pola Fundación Juana de Vega nos termos establecidos na cláusula quinta do convenio.

Por outra parte, a Fundación Juana de Vega colaborará coa cantidade restante de 5.000 euros coa que se sufragarán os custos de maquetación e impresión de 100 exemplares do traballo final.





Ao tratarse dun convenio plurianual deberá ser autorizado polo Consello da Xunta de Galicia.

(5) O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Escola Galega da Paisaxe ten desempeñado un papel fundamental no desenvolvemento da arquitectura da paisaxe en Galicia a través da posta en marcha da primeira titulación universitaria oficial sobre esta disciplina - o Máster Universitario Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega - e outras actividades como premios, xornadas ou publicacións. Esta experiencia, unida aos traballos previos da Escola, outorgan a esta entidade unhas capacidades e posibilidades idóneas para realizar o obxecto do presente convenio. Nesta entidade participan investigadores e técnicos de valía profesional e prestixio recoñecido posuíndo os medios técnicos adecuados para levar a bo fin actividades de interese xeral.

Ausencia de ánimo lucro: A achega económica que a Consellería efectúa no ámbito deste convenio non se dirixe a retribuír á Fundación Juana de Vega senón a posibilitar as accións que se convenian, non existindo, polo tanto, ánimo de lucro desta fundación.

Así, as actividades obxecto deste convenio desenvolveranse pola Fundación Juana de Vega non a cambio dun prezo certo, senón coa presenza dunha compensación ou concurso financeiro público que se destina a compensar os gastos nos que incorre na realización das actividades.

O convenio de colaboración ten por obxectivo a regulamentación dunha serie de actuacións conxuntas entre as partes, nas que as achegas económicas só cubre o custo de realización das actividades, sen que se aprecie ánimo de lucro ou causa solventi entre as partes. É precisamente, esta característica unha das notas que definen o convenio de colaboración fronte ao contrato.

Xa que logo, esta é unha das bases definitorias do convenio de colaboración que o Instituto de Estudos do Territorio ten previsto asinar coa Fundación Juana de Vega. Así o convenio establece na cláusula quinta que os ditos pagamentos financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún. No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a contribución económica da Consellería diminuírase proporcionalmente, sen que a Fundación Juana de Vega poida obter beneficio ningún pola mesma, demostrando deste xeito a ausencia de lucro no presente convenio.

Neste contexto, os convenios de colaboración son os instrumentos xurídicos que permiten dar cobertura formal a unha gran variedade de actuacións que se realizan coa participación de ambas as





súas partes que colaboran na co-organización destas dende unha posición de igualdade, nunha relación bilateral.

As notas principais do convenio como medio para instrumentar a colaboración de ambas as dúas partes son as seguintes:

- Ningunha das partes terá interese patrimonial.
- Os intereses perseguidos polas partes son públicos e comúns.
- O beneficiario dos resultados acadados será a comunidade.

(6) Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014., con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Pódese iniciar a tramitación deste convenio de conformidade co previsto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 24 de abril de 2020, sobre a continuación da tramitación de determinados expedientes e procedementos en materia de subvencións, no eido da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico, ao servir para a protección do interese xeral.

Para o non previsto no presente convenio, resultará de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xuño,

Tendo en conta as anualidades do convenio a súa sinatura debe someterse á autorización previa do Consello da Xunta por aplicación do establecido na Disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.





As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou incumprimento das obrigas que se deriven deste convenio de colaboración e que non puidesen ser dirimidas pola Comisión de Seguimento creada ao efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Santiago de Compostela

O director do Instituto de Estudos do Territorio

Guillermo Evia Pérez

(Asinado electronicamente)

